

BASES CONCURSO FOTOGRAFÍA

Dirixido a: Todo o alumnado do CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro matriculado no curso 2024-2025.

Temática: O tema das fotografías deberá reflexionar sobre a presenza das mulleres en ámbitos laborais como un avance cara a igualdade real entre homes e mulleres. As obras tamén poderán recoller a presenza das mulleres en sectores masculinizados.

As obras deberán presentarse xunto cunha breve descripción ou título que resuma ou complemente o que a fotografía quere transmitir (50 palabras máximo)

Autoría e requisitos: A autoría das imaxes poderá ser individual ou colectiva (máximo 4 persoas). Todas as persoas participantes faranse responsables e garanten a autoría e orixinalidades das fotografías.

As obras presentadas non poden ter sido premiadas con anterioridade en ningún concurso, nin poden ter sido expostas ou publicadas por calquera outro medio.

En cumprimento coa protección de datos non se admitirán imaxes nas que aparezan persoas que non teñan dado o seu consentimento, facéndose as persoas autoras responsables no caso de reclamación.

Condicións técnicas: Poderán presentarse fotografías en cor ou en branco e negro. O formato de presentación será .jpg e cunha resolución que permita a impresión da obra en formato A3 como mínimo (recomendamos resolución 300 ppp). Non se admitirán fotografías que non poidan ser impresas nesta medida con calidade suficiente.

Difusión das imaxes: Mediante a participación autorízase á difusión das fotografías presentadas tanto no recinto do centro educativo como a través dos perfís das redes sociais do centro. Do mesmo xeito autorízase a difusión dos nomes das persoas autoras.

Prazo de presentación: As persoas participantes deberán enviar as súas obras ao correo: concursos@cifprodolfoucha.es. No anexo do correo deberán enviar o arquivo da fotografía e un documento en .pdf co nome ou nomes das persoas autoras, ciclo ao que pertencen e curso, e a descripción da imaxe.

O prazo para a entrega de obras remata o día 26 de febreiro ás 23.59.

Xurado: O xurado estará composto polo equipo que conforma o Proxecto de Inclusión Educativa do centro. O xurado resérvase o dereito de non admitir aquelas imaxes que non cumpran coa temática proposta ou que poidan resultar ofensivas, non apropiadas ou contrarias aos valores de respecto e igualdade que promove o Día Internacional das Mulleres.

As decisións do xurado serán tomadas por maioria e serán irrevogables.

Premios:

- 1º premio: Unha tarxeta-regalo de 40€
- 2º premio: unha tarxeta-regalo de 20€

As persoas premiadas coñecerán a resolución o día 7 de marzo.

Adhesión: A participación neste concurso supón a aceptación das súas bases.

8 MARZO 2025

